



## PROPOSICIÓN PARA REALIZAR UNHA DIAGNOSE E PLAN DE REPARACIÓNS E MANTEMENTO DOS MUROS E BEIRRARRÚAS DAS FONTIÑAS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urbanización de Fontiñas, que se comezou a desenvolver a inicios dos anos 90 do pasado século, aséntase sobre unha ladeira, polo que, para conseguir cuarteiróns aplanados, decidiuse un deseño para o conxunto da urbanización mediante muros de perpiaño de granito. Estes muros de contención xeraban plataformas uniformes que axudaban a resolver os accesos aos garaxes e que facían precisas ramplas e escaleiras para acceder á súa superficie.

No interior destas parcelas as empresas das edificacións realizaban a escavación e a edificación, polo que os muros de perpiaño forman parte do espazo público e deben ser mantidos polo Concello.

Este mesmo mes, concretamente o día 12 e por mor das chuvias rexistradas ata ese momento, un deses muros de contención, concretamente o construído na rúa de Moscova –preto das instalacións da policía autonómica e dun albergue de peregrinos- cedeu e arredor de algo máis duns 10 metros lineais derrubáronse sobre a beirarrúa. Por fortuna, a pesar da magnitude do desprendemento, non houbo que lamentar desgrazas persoais. Neste caso, a resposta do Concello foi inusitadamente dilixente e aos poucos días iniciábanse os traballos de rehabilitación.

O incidente vén a poñer de manifesto o perigo dun derrubo nunha zona tan poboada como é este barrio das Fontiñas e a necesidade anticiparse a outras situacións semellantes, desenvolvendo un labor de prevención no conxunto destas infraestruturas de contención.

Non é unha circunstancia nova nin descoñecida. Durante o mandato anterior comprobouse que algúns muros presentaban gretas, tanto horizontais como verticais, e mesmo algunha das bóvedas que daban acceso aos garaxes aparecía lixeiramente descolgada. Ese foi o motivo polo que se levou a cabo unha actuación de urxencia en dous puntos concretos: no cuarteirón definido polas rúas Madrid, Bruxelas, París e Praga, concretamente na rúa Bruxelas; e no cuarteirón definido polas rúas Londres, Atenas, Berna e Lisboa, nas rúas Londres e Lisboa. As actuacións de reparación afectaron a beirarrúas e muros, chegando a desmontar e montar escaleiras, decenas de metros de peitorís, beirarrúas e quenllas.

Estas actuacións, realizadas nos últimos meses do mandato anterior, viñan a indicar a necesidade de realizar un diagnóstico global e un plan de reparacións sobre este tipo de elementos no barrio das Fontiñas, tendo en conta que calquera desprendemento nestes muros –como o acontecido recentemente- pode causar unha desgraza, xa que son pezas de gran peso e tamaño.

Por todo o exposto consideramos que o Goberno no se debería limitar a unha simple –aínda que importante e totalmente necesaria- actuación, senón que debería promover a realización dun diagnóstico xeral dos muros, un plan de actuacións para reparar as patoloxías máis urxentes e un plan de inspección, conservación e mantemento permanentes destas pezas de contención.

Igualmente, dado que observamos ademais que non se están realizando actuacións de reparación de beirarrúas no ámbito deste barrio das Fontiñas, a diferenza doutros lugares como o Ensanche onde xa se executaron, propoñemos tamén que dentro do contrato de mantemento se dean as instrucións precisas para proceder a reparar os moitos danos existentes nas beirarrúas.


De acordo co anterior, propónse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

### ACORDO

*O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a:*

- 1. Acometer á maior brevidade unha diagnose xeral da situación dos muros de contención sobre os que se asentan as edificacións das Fontiñas.*
- 2. Consonte ao anterior, realizar unha planificación para a reparación das patoloxías que se consideren máis urxentes.*
- 3. Levar a cabo un plan de inspección, conservación e mantemento permanentes destes elementos de contención, que se deberá estender tamén aos pavimentos das beirarrúas no contorno deste barrio.*

Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2017



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular